

REGULAMENTO DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

Decreto 282/2003, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia¹ (Diario Oficial de Galicia núm. 120, do 23 de xuño de 2003)²

¹ Derroga o anterior regulamento, aprobado por Decreto 287/1996, do 12 de xullo (DOG núm. 141, do 18 de xullo de 1996).

² Corrección de erros (DOG núm. 121, do 24 de xuño de 2003)

Por Lei 9/1995, do 10 de novembro, foi creado o Consello Consultivo de Galicia como órgano superior consultivo da Xunta de Galicia.

Por Decreto 287/1996, do 12 de xullo, aprobouse o Regulamento de organización e funcionamento de dito Consello, de acordo coa habilitación legal e dentro do prazo mencionado na disposición adicional terceira da Lei 9/1995.

As necesidades postas de manifesto na actividade do dito alto órgano consultivo, no curso de máis de seis anos de funcionamento e vixencia daquel regulamento, aconsellan a modificación de determinados particulares del, e a súa inclusión nun único texto que facilite a súa aplicación e manexo.

Na súa virtude, visto o texto aprobado polo Consello Consultivo de Galicia, na súa sesión plenaria do 12 de decembro de 2002 e a proposta do conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, e despois da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vintedous de maio de dos mil tres,

DISPOÑO:

Artigo único.- Apróbase o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, que se xunta como anexo a este decreto, en execución e desenvolvemento da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia aprobado por Decreto 287/1996, do 12 de xullo.

Disposición derradeira

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, a vintedous de maio de dous mil tres

Manuel Fraga Iribarne
Presidente de la Xunta de Galicia

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública

ANEXO

Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia

PREÁMBULO

A disposición adicional terceira da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo, dispón que dito órgano, de acordo cos principios daquela, elaborará o seu Regulamento de organización e funcionamento, que a Xunta de Galicia procederá a aprobar dentro dos seis meses seguintes ó da súa constitución.

En execución de dita disposición adicional o Consello Consultivo de Galicia remitiu á Xunta de Galicia un proxecto de regulamento que foi aprobado polo Decreto 287/1996, do 12 de xullo. Con el, sen prexuízo da elaboración e aprobación dun regulamento de réxime interior, pechábase o marco normativo preciso para a actuación do Consello Consultivo.

O transcurso do tempo, desde a aprobación daquel instrumento, puxo de relevo algunhas insuficiencias, esencialmente en materia de procedemento, cara a obter unha maior eficacia e axilidade na tramitación dos expedientes. Así mesmo, durante estes anos, ultimouse practicamente a dotación de medios materiais e persoais do Consello, principalmente coa convocatoria, provisión e nomeamento dos integrantes do seu corpo de letrados. Finalmente, producíronse determinadas reformas lexislativas, que afectaron ás competencias do Consello, ben directamente (revisión de oficio, recurso de revisión), ben indirectamente (novo tratamento procesual da responsabilidade patrimonial, novo réxime dos recursos administrativos).

Todas estas circunstancias aconsellaron afrontar unha reforma global do Regulamento de 1996 na que, mantendo aqueles aspectos que reiteradamente se revelaron eficaces e sen fisuras á hora da súa aplicación ou interpretación se puidese, dunha parte, modificar aqueles extremos que a práctica de seis anos revela como mellorables e, doutra, introducir aspectos novos que, tanto as normas publicadas neste período, como a reiteración de materias sometidas a dictame, esixen para o funcionamento correcto dun órgano como o Consello Consultivo de Galicia.

Introdúcense así modificacións que afectan á definición, constitución e funcionamento das seccións, ó procedemento que seguen os expedientes trala súa entrada no rexistro xeral do Consello, ó réxime de actuación do Secretario xeral e os letrados, ó cómputo dos prazos, así como outras de menor entidade orientadas a mellorar tecnicamente algúns preceptos ou incluír neles aspectos non previstos anteriormente, coa finalidade de mellora-lo funcionamento do Consello. O novo sistema de confección da Memoria, a posibilidade de presentar mocións ó Pleno por parte dos conselleiros, a posta en coñecemento ó presidente da Xunta de modo inmediato nos casos nos que o dictame do Consello, sendo procedente, se omitise ou a definitiva aclaración de que os entes locais non poden solicitar directamente dictames facultativos ó Consello, son un exemplo claro destas últimas.

Desta forma, e aínda que o número de preceptos afectados é sensiblemente menor do dos que non son obxecto de modificación, en relación co texto de 1996, para facilita-la súa aplicación e cita, optouse por propoñe-la completa derogación deste e a súa substitución polo que agora se redacta no que, mantendo os aspectos precisos do texto anterior, se inclúen as modificacións citadas. A presenza naquel regulamento de preceptos transitorios ou adicionais de carácter instrumental, orientados a facilita-la

adecuada constituicións e inicio das actividades do Consello, tamén fan aconsellable esta práctica.

A estrutura esencial do novo regulamento non varía, contando, ó igual que, o anterior, con seis títulos (disposicións xerais, competencias e obrigas, organización, funcionamento e procedemento, persoal do Consello e orzamento), manténdose as disposicións adicionais e derradeiras precisas para unha correcta conxunción do novo regulamento, unha vez superadas as normas de transición e instrumentais precisas no anterior do ano 1996.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1.- Natureza e sede.

1.- O Consello Consultivo de Galicia é o órgano superior consultivo da Xunta de Galicia.

2.- A súa sede radica en Santiago de Compostela.

Artigo 2.- Fins.

No exercicio das súas funcións vela pola observancia da Constitución, do Estatuto de autonomía e do resto do ordenamento xurídico.

Artigo 3.- Autonomía.

O Consello Consultivo de Galicia goza de plena autonomía orgánica e funcional, exercendo as súas funcións con independencia e obxectividade para o cumprimento e desenvolvemento dos seus fins. Non está integrado en ningún outro órgano da Xunta de Galicia.

En atención á súa autonomía funcional, o Consello adopta as súas decisións con total independencia respecto dos órganos e entes que soliciten o seu dictame, proponlle ó Consello da Xunta de Galicia a aprobación do seu regulamento orgánico e de funcionamento, así como as súas posteriores modificacións, administra os créditos que lle asigne o orzamento da Comunidade Autónoma e xestiona a súa política de persoal de conformidade coa normativa autonómica, este presente regulamento e ás súas normas de desenvolvemento.

Artigo 4.- Imposibilidade de dictames simultáneos ou posteriores.

Como órgano superior consultivo, os asuntos sometidos ó seu dictame non poden ser, simultaneamente ou con posterioridade, obxecto de informes ou dictames xurídicos doutro corpo ou organismo da Comunidade Autónoma ou das entidades locais, respecto do asunto consultado ou aspectos del.

Artigo 5.- Dictames preceptivos e facultativos.

1. As solicitudes de dictames do Consello Consultivo poderán ser preceptivas ou facultativas. Son preceptivas cando así o estableza a Lei 9/1995, do 10 de novembro, da súa creación ou outra norma de igual rango. Son facultativas no resto dos casos.

2. Agás que por lei se dispoña expresamente o contrario, o seu dictame será non vinculante e de carácter estrictamente xurídico sen entrar en valoracións de oportunidade ou conveniencia, a non ser que así lle sexa solicitado expresamente polo órgano consultante; neste caso, tales aspectos abordaranse conxuntamente co dictame xurídico.

Artigo 6.- Resolución ou disposicións adoptadas e omisións.

As disposicións e resolucións sobre asuntos dictaminados polo Consello Consultivo de Galicia, cando sexa preceptiva a súa intervención nelas, se se tomaren de acordo co seu dictame expresaranse coa fórmula «...de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia», e se non se tomaren de acordo co dictame daquel, coa de «...oído o Consello Consultivo de Galicia».

Neste último caso, cando a resolución se conformase enteiramente con algún voto particular, empregarase a fórmula “oído o Consello Consultivo e de acordo co voto particular formulado polo conselleiro (ou conselleiros) asinantes deste”.

Cando no despacho dalgún asunto se omitise indebidamente a audiencia do Consello, o seu presidente significarao a quen corresponda.

Artigo 7.- Honras e precedencia.

O Consello e os seus membros terán dereito ás honras e precedencia que lles correspondan, de conformidade co disposto nas normas aprobadas ó respecto polo Goberno galego ou o Parlamento de Galicia.

Nos actos públicos e solemnes nos que interveñan, os conselleiros poderán usar a medalla da institución que constará dos seguintes elementos: por unha cara, o escudo de Galicia e pola outra, o emblema propio que estará integrado pola bandeira de Galicia, o libro da lei presidido por un sol e a lenda «Ius semper primum», constando na parte inferior «Consello Consultivo de Galicia».

Os conselleiros vestirán toga naqueles actos en que o presidente o dispoña por razóns de relevancia ou solemnidade. Será de cor negra con sobrepuños de encaixe sobre fondo azul celeste. Poderá colocarse nela a placa ou emblema da carreira ou Corpo do que proceda o Conselleiro que a vista.

Os conselleiros disporán dunha credencial expresiva da súa condición.

Artigo 8.- Obriga de segredo.

Mentres os asuntos sometidos a consulta non fosen resoltos polo órgano competente, os membros do Consello Consultivo, o seu secretario xeral, así como os letrados e o resto do persoal, teñen a obriga de gardar segredo sobre as propostas e acordos adoptados.

Artigo 9.- Medios materiais.

O Consello disporá dos medios materiais e dos recursos necesarios para o cumprimento da súa función.

Para ese fin, cada ano formulará o seu anteproxecto de orzamento que se incorporará como sección propia no da Comunidade Autónoma.

O Consello Consultivo, de acordo con este regulamento e de conformidade co disposto na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, exercerá as competencias de xestión, execución e liquidación orzamentarias e de contratación administrativa.

TÍTULO II

Competencias e obrigas

Artigo 10.- Competencias.

Correspóndenlle ó Consello Consultivo de Galicia as competencias sinaladas nos artigos 11, 12 e 13 da súa lei, así como as que establezan outras normas de igual rango.

Artigo 11.- Memoria e mocións.

O Consello Consultivo de Galicia elevará, dentro do primeiro semestre de cada ano unha memoria de actividades ó Consello da Xunta de Galicia na que se expresará a actividade desenvolvida no período anterior, así como as suxestións que se consideren oportunas tendentes a mellora-la actuación administrativa da Comunidade Autónoma.

Coa mesma finalidade, poderá aprobar e elevar mocións, sobre asuntos puntuais, que remitirá ó presidente da Xunta de Galicia.

Artigo 12.- Interpretación do regulamento.

Correspóndelle, así mesmo, ó Consello Consultivo interpretar e suplir este regulamento no caso de dúbida ou omisión, con respecto ós principios que inspiran a súa lei.

As resolucións adoptadas no exercicio desta facultade poderán adopta-la forma de acordos ós que se lles dará a publicidade que corresponda.

TÍTULO III

Organización

Capítulo I

Artigo 13.- Órganos do Consello.

Son órganos do Consello Consultivo de Galicia:

- O pleno.
- As seccións.
- O presidente.
- Os conselleiros.
- O secretario xeral.

Capítulo II

O Pleno

Artigo 14.- Composición.

O Pleno do Consello Consultivo de Galicia está integrado por cinco conselleiros nomeados por decreto do presidente da Xunta de Galicia, oído o Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 4 da súa lei.

Artigo 15.- Competencias.

1. Correspóndelle ó Pleno do Consello Consultivo elaborar, debater e aproba-los dictames a que se refire o artigo 11 da lei nos seus parágrafos a), b), c), d), e), k) e l).

2. Tamén será competencia do Pleno:

- a) Aproba-lo anteproxecto de orzamento do Consello Consultivo de Galicia.
- b) Propoñe-la relación de postos de traballo para a súa aprobación pola Xunta de Galicia.
- c) Adopta-lo acordo correspondente dos parágrafos d) e g) do artigo 6 da lei, en relación coa perda da condición de conselleiro.
- d) Dictar acordo sobre suspensión da condición de conselleiro conforme a súa lei.
- e) Crea-las seccións necesarias para o bo funcionamento do Consello, conforme con este regulamento, designa-los conselleiros que as integren e a quen as presidirá.
- f) Propoñe-las modificacións deste regulamento.
- g) Aproba-la memoria anual a que se refire o artigo 14 da súa lei, así como as mocións mencionadas no artigo 12 deste regulamento.
- h) Resolver sobre a abstención e recusación do presidente do Consello.
- i) Aproba-las bases e convoca-las oposicións e concursos de acceso ó corpo de letrados do Consello.
- j) Declara-la compatibilidade para o exercicio da actividade docente ou investigadora continuada por parte do presidente.
- k) Dictaminar sobre consultas de carácter facultativo cursadas polo presidente da Xunta, o Consello, os conselleiros e os presidentes dos organismos e entes públicos.

l) En xeral, a adopción de acordos que afecten ás funcións do Consello e que non lles estean atribuídas a outros órganos.

Capítulo III

Seccións

Artigo 16.- Composición.

1. As seccións, en número mínimo de dúas estarán constituídas, polo menos, por tres conselleiros e presididas por un deles nomeado polo Pleno, agás nas seccións das que forme parte o presidente do Consello, que estarán presididas por el mesmo.

2. Cada sección contará coa asistencia dun letrado do Consello que exercerá as funcións de secretario. Ás súas sesións poderán asistir ademais os letrados do Consello que teñan asignada a preparación dos asuntos incluídos na orde do día.

Artigo 17.- Competencias.

1. As seccións terán competencia para a emisión de dictames nos seguintes asuntos:

a) Recursos administrativos de revisión.

b) Revisión de oficio ou por petición do interesado, dos actos administrativos na forma establecida na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

c) Nulidade, interpretación e resolución dos contratos administrativos na forma establecida na lexislación de contratos das administracións públicas e de réxime local.

d) Nulidade, interpretación, modificación e extinción de concesións administrativas calquera que sexa o seu obxecto, nos casos en que así o esixan as normas aplicables.

e) Reclamacións en concepto de indemnización de danos e perdas que se formulen contra a Comunidade Autónoma.

f) En todos aqueles supostos nos que así o estableza unha lexislación específica e que non se atribúa directamente ó Pleno.

2. Igualmente terana para emiti-los dictames sobre consultas dirixidas ó Consello Consultivo e que o Pleno lles asigne.

3. Cando unha sección considere que o asunto pola súa relevancia ou características deba ser sometido a coñecemento do Pleno comunicarllo ó presidente do Consello para que adopte a resolución que corresponda.

Artigo 18.- Distribución de asuntos.

Dentro dos primeiros quince días de cada ano natural o Pleno do Consello adoptará acordo sobre o número de seccións, a distribución de asuntos entre elas, sobre a súa composición e designación de quen deba presidilas.

O dito acordo será obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia.

Capítulo IV

Presidente

Artigo 19.- Elección e toma de posesión.

1. O presidente do Consello Consultivo de Galicia será un dos conselleiros elixido entre eles, en votación secreta e por maioría absoluta, conforme o disposto nos artigos 5 e 10 da súa lei. A elección terá lugar dentro do prazo de quince días contados a partir da toma de posesión dos conselleiros, cando a súa renovación produza a vacante da presidencia ou no prazo e modo indicado no artigo 20, cando así proceda.

2. Será nomeado por decreto do presidente da Xunta de Galicia.

3. Toma posesión ante o presidente da Xunta de Galicia, con asistencia do resto dos membros do Consello, e presta xuramento ou promesa de acordo coa seguinte fórmula:

«Xuro (ou prometo) ser fiel ó meu mandato como presidente do Consello Consultivo de Galicia, observar e facer cumprir-la Constitución e o Estatuto de autonomía e as demais leis de Galicia e do Estado e exercer-las miñas funcións no interese supremo e exclusivo de Galicia e de España».

Artigo 20.- Substitución.

A vacante ou substitución temporal do presidente regularase polas seguintes regras:

a) Vacante a presidencia pola perda da condición de conselleiro, procederase a nova elección, de acordo co disposto no artigo 19º deste regulamento, e no prazo de quince días contados desde o seguinte a aquel en que se completase o número de conselleiros.

b) Se a vacante se producise por renuncia ó cargo, pero sen perde-la condición de conselleiro, procederase á elección de presidente na forma indicada no artigo 19º e no prazo dos quince días seguintes á publicación do decreto de cesamento no cargo.

c) Nos casos de suspensión, vacante, ausencia ou enfermidade, as funcións de presidente exerceraas o conselleiro máis antigo e se todos tivesen a mesma, o de máis idade. Nesta situación farase consta-lo carácter accidental da presidencia en cantas accións se realicen.

Artigo 21.- Delegación.

O presidente poderá delega-la representación do Consello nun dos conselleiros, en casos concretos ou misións específicas.

Artigo 22.- Competencias.

Correspóndelle ó presidente:

1. En relación co órgano:

- a) Te-la representación do Consello para tódolos efectos.
- b) Impulsar e coordina-la actuación do Consello.
- c) Informar publicamente, cando proceda, das actividades do Consello.
- d) Solicitar, por proposta do Pleno ou das seccións, os antecedentes e informes, probas ou outros elementos ós que se refire o artigo 20.2º da lei.
- e) Darlle conta ó presidente da Xunta de Galicia das vacantes que se produzan no seo do Consello.
- f) Concederlles licencias temporais ós conselleiros.
- g) Concede-la compatibilidade para a actividade docente e investigadora dos conselleiros e dos letrados.
- h) Resolver sobre as abstencións dos conselleiros e dos letrados; e as recusacións formuladas sobre as actuacións destes últimos.
- i) Asignar, se é o caso, relatorios especiais para asuntos concretos.
- j) Aprecia-la urxencia a que se refire o artigo 52.2º.

2. Na celebración das sesións do Pleno do Consello correspóndelle:

- a) Acorda-la convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno e a fixación da orde do día.
- b) Presidi-las sesións do Pleno, modera-lo desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- c) Dirimir co seu voto os empates, para efectos de adoptar acordos no Pleno.
- d) Resolver, se é o caso, sobre a proposta das seccións de eleva-lo coñecemento dun asunto, pola súa relevancia e características, ó Pleno.
- e) Coordina-la actuación das seccións e propoñerlle ó Pleno que resolva o procedente cando corresponda a unificación de criterio ou doutrina.
- f) Visa-las actas e certificacións dos acordos do Pleno.
- g) Efectua-las comunicacións dos acordos do Consello.

3. Autorizar gastos e ordenar pagamentos con suxeición á normativa aplicable, podendo delegar, en todo ou en parte, tal función no secretario xeral.

4. A superior dirección do persoal e o exercicio das potestades disciplinarias, agás a separación do servizo, conforme as disposicións vixentes.

5. As mesmas facultades sinaladas no punto segundo correspóndenlles ós presidentes das respectivas seccións en relación coas sesións destas.

Capítulo V

Conselleiros

Artigo 23.-Nomeamento e toma de posesión.

1. Os conselleiros, en número de cinco, integran o Consello Consultivo de Galicia. Son nomeados polo presidente da Xunta de Galicia, oído o Consello da Xunta

de Galicia, por un período de seis anos, entre as persoas que cumpran os requisitos mencionados no artigo 4.1º da lei. Poden ser reelixidos unha soa vez e durante o seu mandato son inamovibles.

2. Teñen dereito ás honras e precedencia que lles correspondan como membros do Consello Consultivo de Galicia; o seu tratamento é de excelentísimo señor. Igualmente teñen dereito ás remuneracións que para tal fin se fixen nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

3. Dentro dos dez días seguintes á publicación do decreto do seu nomeamento no Diario Oficial de Galicia tomarán posesión do seu cargo ante o presidente da Xunta de Galicia, e prestarán xuramento ou promesa de acordo coa seguinte fórmula: «Xuro (ou prometo) cumpri-las obrigas do meu cargo de conselleiro do Consello Consultivo de Galicia e gardar e facer garda-la Constitución e o Estatuto de autonomía».

Artigo 24.- Incompatibilidades.

1. Os conselleiros están sometidos ó réxime de incompatibilidades establecido no artigo 9 da lei.

2. O cargo de conselleiro é compatible co exercicio da actividade docente ou investigadora, trala expresa declaración previa de compatibilidade efectuada polo presidente, cando aquela vaia ser continuada.

3. Dentro dos dez días seguintes á súa toma de posesión presentarán unha declaración xurada de non estaren incurso en incompatibilidade ningunha das establecidas na lei.

Artigo 25.- Dereitos e obrigas.

Corresponde a cada conselleiro:

a) Recibir cunha antelación mínima de tres ou dous días, segundo se trate de asuntos de Pleno ou de Sección, a convocatoria das sesións, contendo a orde do día, os proxectos de dictame ou resolución e os seus antecedentes esenciais.

b) Prepara-los proxectos de dictame e efectua-la súa redacción final, coa asistencia do Letrado asignado ó asunto, así como participar nos debates.

c) Exerce-lo seu dereito ó voto e formular voto particular.

d) Formular rogos e preguntas.

e) Obte-la información precisa para cumpri-las súas funcións.

f) Propoñerlle ó presidente para a súa inclusión na orde do día do Pleno, asuntos relacionados coas funcións do Consello, presentándoos polo menos cinco días antes da súa celebración.

g) Asistir ás sesións dos órganos de que formen parte; no caso de imposibilidade deberá escusar debidamente a súa asistencia.

h) Votar nas sesións dos órganos en que estean integrados, sen que poidan absterse de facelo.

j) Elevar mocións ó Pleno, sobre asuntos de interese para o funcionamento do Consello.

Artigo 26.- Incompatibilidade sobrevida.

Se algún conselleiro considera que, vixente o seu nomeamento, pode incorrer nalgunha causa de incompatibilidade, deberá manifestarlllo ó presidente do Consello, co obxecto de que resolva o procedente, e, se fose o caso, para os efectos do disposto no artigo 9 da lei.

Artigo 27.- Cesamento.

1. Cunha antelación mínima de tres meses o presidente informará ó Consello e comunicarlle ó presidente da Xunta de Galicia a inminencia dos cesamentos que deben producirse, para os efectos do disposto no artigo 4 da lei.

2. Mentres os novos conselleiros non tomen posesión dos seus cargos, continuarán no exercicio deles os membros do Consello saínte, mesmo se o período do seu nomeamento xa transcorreu.

3. O período de seis anos a que se refiren os artigos 4 da lei e 23 deste regulamento contarase a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 28.- Perda da condición.

Nos supostos da perda da condición de conselleiro establecida nas causas d) e g) do artigo 6 da lei, será preciso acordo favorable e motivado do Consello tomado por maioría absoluta dos seus membros, trala audiencia previa do interesado, o que se porá en coñecemento do presidente da Xunta de Galicia a quen lle corresponde dicta-lo cesamento.

Artigo 29.- Suspensión do exercicio das súas funcións.

Os conselleiros poderán ser suspendidos no exercicio das súas funcións por acordo motivado da maioría absoluta do Pleno do Consello en caso de inculpación formal ou procesamento por delicto doloso, tramitación dun expediente de incapacidade ou iniciación de expediente conforme o artigo anterior; sempre atendendo á gravidade dos feitos e trala audiencia previa do interesado.

Artigo 30.- Abstención.

1. Os conselleiros deberán absterse de coñecer cando conorra algún dos motivos seguintes:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro cando a súa resolución puidese influír na daquel.

b) Ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos titulares das administracións ou órganos dos que proceda a consulta ou petición de dictame, así como cos particulares directamente interesados no expediente ou manter cuestión litixiosa pendente con estes últimos.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Terlles prestado nos dous últimos anos servicios profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.

2. No caso de que un conselleiro considere que concorre algunha das causas sinaladas no número anterior, porao, ó día seguinte, en coñecemento do presidente, quen dictará a resolución que proceda, no prazo de tres días.

Artigo 31.- Recusación.

Nos casos establecidos no artigo anterior, os conselleiros poderán ser recusados polos interesados en calquera momento do procedemento.

No día seguinte á comunicación da súa recusación, o recusado participalle ó presidente do Consello se concorre efectivamente a causa alegada, quen convocará Pleno extraordinario no prazo de tres días para que adopte a resolución que proceda.

Capítulo VI

Secretario xeral

Artigo 32.- Estatuto persoal.

1. O secretario xeral é elixido polo Consello e nomeado polo presidente entre os letrados en servicio activo pertencentes ó corpo creado polo artigo 21 da lei. Terá dereito ás remuneracións que para tal fin se fixen nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, o seu tratamento será o de ilustrísimo señor e dispoñerá dunha credencial acreditativa do seu cargo expedida polo presidente do Consello Consultivo.

2. O seu nomeamento efectuarase no prazo dun mes desde a toma de posesión do presidente.

Tomará posesión do seu cargo dentro dos dez días seguintes á publicación do seu nomeamento no Diario Oficial de Galicia, ante o Pleno do Consello, e prestará xuramento ou promesa, de acordo coa seguinte fórmula: «Xuro (ou prometo) cumprir-las obrigas do meu cargo de secretario xeral do Consello Consultivo de Galicia e gardar e facer garda-la Constitución e o Estatuto de autonomía».

3. Estará sometido ó réxime de incompatibilidades establecido para os integrantes do corpo de letrados do Consello.

4. No caso de ausencia ou enfermidade, suspensión, vacacións ou calquera imposibilidade temporal será substituído por outro letrado designado polo presidente.

5. Cesará no cargo cando proceda pola causa disposta no artigo 4 da lei, ou remate o mandato dos membros do Consello que o elixiron, permanecendo a partir dese momento en funcións. Sen prexuízo diso poderá ser reelixido sucesivamente polo novo Consello, sen a limitación temporal que no apartado 2 do devandito artigo afecta ós conselleiros. Tamén poderá ser cesado polo presidente do Consello, tralo acordo previo do Pleno.

Artigo 33.- Funcións.

1. En relación co funcionamento do Consello Consultivo correspóndelle ó secretario xeral:

- a) Asistir ás sesións do Consello con voz e sen voto.
- b) Desempeña-la secretaría do Pleno e estende-las actas das sesións do Pleno visadas polo presidente.
- c) Custodia-la documentación do Consello.
- d) Elabora-la orde do día de acordo coas instrucións do presidente.
- e) Convocar, de orde do presidente do órgano correspondente, ós conselleiros para as sesións, remitíndolles a orde do día, con tempo abondo para que eles as reciban cando menos con tres días de antelación á súa celebración.
- f) Executa-los acordos do Consello.
- g) Dirixi-los actos de comunicación do Consello, agás cando sexan realizados polo presidente.
- h) Expedir certificacións das actas, acordos, dictames, votos particulares e demais documentos confiados á súa custodia, visadas polo presidente do órgano competente.
- i) Levar un rexistro de disposicións legislativas e regulamentarias que afecten ó Consello e relacionadas con el, e outro referente ós dictames, resolucións e mocións acordadas e calquera outro pertinente.
- j) Prepara-los expedientes que deban ser obxecto de deliberación segundo a orde do día das sesións.
- k) Entregarlles copia dos expedientes ós conselleiros ós que corresponda o seu estudio.
- l) Preparar para a súa posterior aprobación polo Consello, o proxecto da memoria de actividades anuais.

2. En relación cos servizos e persoal do Consello, correspóndelle ó secretario xeral:

- a) A coordinación de tódolos servizos do Consello.
- b) Elaboración do anteproxecto de orzamentos.
- c) Xestión dos créditos orzamentarios.
- d) Tramitación e xestión da contratación administrativa.
- e) Xefatura e xestión do persoal.
- f) Administración do patrimonio.
- g) Asistencia ó presidente en tódolos asuntos.
- h) Réxime interior do Consello.
- i) Aqueloutras que lle sexan delegadas polo presidente.

TÍTULO IV

Funcionamento e procedemento do Consello Consultivo de Galicia

Capítulo I

Funcionamento

Artigo 34.- Réxime xeral.

1. O Consello Consultivo de Galicia actúa en Pleno ou en seccións e a porta pechada.
2. As sesións do Pleno poderán ser ordinarias ou extraordinarias; as das seccións serán sempre ordinarias.
3. Non obstante o anterior, o presidente poderá acordar que as sesións solemnes do Pleno sexan públicas.

Artigo 35.- Sesións ordinarias e extraordinarias.

O Pleno e as seccións reuniranse en sesión ordinaria de conformidade co calendario que para o efecto se aprobe; e en sesión extraordinaria o Pleno, sempre que sexa convocado polo seu presidente, por iniciativa propia ou por petición de calquera conselleiro, ou ben cando corresponda de acordo co este regulamento.

Artigo 36.- Convocatoria.

1. A convocatoria das sesións será efectuada polo secretario por orde do presidente, remitíndolles ós conselleiros, no prazo mencionado no artigo 25, a orde do día, que conterá a relación de asuntos que se van tratar e a documentación necesaria para a deliberación e adopción de acordos, entre a que deberá figura-lo proxecto de dictame ou resolución e os antecedentes esenciais deles.
2. En casos de urxencia, poderase convocar sesión cunha antelación non inferior a vinte e catro horas e non será preceptiva a remisión da documentación.

Artigo 37.- Constitución do Pleno e seccións.

1. A constitución do Pleno do Consello require, para a validez das deliberacións e acordos, a presenza do presidente, ou de quen legalmente o substitúa, dun número de membros que co presidente constitúan a maioría absoluta e a do secretario xeral ou de quen faga as veces deste.
2. A constitución de cada sección require a presenza do seu presidente ou de quen o substitúa e a metade alomenos dos seus membros, así como a do letrado que desempeñe as funcións de secretario.

Artigo 38.- Desenvolvemento das sesións.

1. Aberta a sesión polo presidente do Pleno do Consello ou da sección, segundo corresponda, o secretario tomará nota dos asistentes e, de se-lo caso, das excusas de asistencia, para os efectos de determinar se a sesión pode levarse a cabo, suposto no que procederá a le-la orde do día. Nos casos de urxencia, debaterase en primeiro lugar este feito e, se o acordo é negativo, levantarase a sesión; noutro caso, continuarase de acordo coas normas xerais.
2. En primeiro lugar o secretario lerá a acta da anterior sesión, por se procede a súa aprobación, no caso de que non fose aprobada inmediatamente despois dela.

Calquera conselleiro poderá pedi-la rectificación da acta, en relación coas opinións ou manifestacións por el formuladas.

3. A orde das deliberacións seguirá a proposta da orde do día, pero a súa preferencia pode ser modificada por acordo do Consello.

4. O presidente concederálle-la palabra ós conselleiros que o pidan, pola orde en que o soliciten, tantas veces como se estime necesario ou conveniente.

5. Naqueles asuntos da orde do día que teñan por obxecto un proxecto de dictame, intervirá en primeiro lugar o relator, quen exporá de forma razoada o proxecto, a continuación seguirase coa deliberación, de acordo co disposto no parágrafo anterior.

6. As emendas, adicións, supresións ou calquera modificación do proxecto de dictame ou acordo do Consello, serán defendidas polo conselleiro que as propuxese.

7. Cando a xuízo do presidente o asunto principal, as súas emendas, adicións ou modificacións fosen obxecto de discusión suficiente, declarará a procedencia da súa votación, comezando por estas últimas. Os acordos tomaranse por maioría absoluta dos membros que constitúan o Consello ó inicio da sesión; votará en primeiro lugar o relator, e despois os demais conselleiros por orde inversa á súa antigüidade ou idade; o presidente votará en derradeiro lugar, e decidirá con voto de calidade, en caso de empate.

8. Calquera conselleiro poderá pedir que un dictame quede sobre a mesa, para novo estudio, ata a próxima sesión; pero se se tratase dun asunto urxente ou que permanecese sobre a mesa durante dúas sesións, poderá o presidente denega-la petición e ordenar que sexa discutido ou despachado.

Artigo 39.- Votos particulares.

En calquera asunto sometido a coñecemento do Pleno do Consello ou das súas seccións, o conselleiro ou conselleiros discrepantes poderán formular por escrito voto particular razoado. Se a discrepancia partise do conselleiro designado relator no asunto, o presidente trasladará o relatorio a outro dos que conformasen o sentido maioritario do acordo, asignando no seu lugar outro relatorio ó discrepante, co fin de regulariza-las quendas asignadas.

Artigo 40.- Prazos dos votos particulares.

Os votos particulares deberán anunciarse unha vez finalizada a votación do asunto que os determine, e deberán confeccionarse, á vista do dictame ou resolución maioritaria, no prazo de tres días a partir da dita data, agás en casos de urxencia en que o prazo será dun día, entregaránselle ó secretario co fin de xuntalos ó dictame. Así mesmo, os conselleiros que discrepasen do acordo maioritario poderán adherirse ó voto particular confeccionado por un deles, sempre que, finalizada a votación, manifestasen a súa vontade de redactar voto particular en relación co acordo adoptado pola maioría.

Artigo 41.- Documentación de acordos e dictames.

Os acordos e dictames do Pleno e das seccións certificaranse polo Secretario co visto e prace do presidente. Do mesmo modo certificaranse os votos particulares, que se

incorporarán ó final do acordo ou dictame, segundo corresponda se ben, neste caso, o texto deberá estar previamente asinado polo conselleiro ou conselleiros discrepantes.

Artigo 42.- Actas.

De cada sesión do Pleno ou das seccións o secretario xeral, ou letrado que faga as veces de secretario, segundo corresponda, redactará unha acta que poderá ser aprobada a continuación ou na primeira reunión que seguidamente se celebre. Nela faranse constar necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, o carácter desta, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebre, os puntos principais das deliberacións e o contido dos acordos adoptados. Poderá facerse constar, a solicitude dos conselleiros interesados, o sentido negativo do seu voto en relación co acordo adoptado, cando non desexen formular voto particular.

Artigo 43.- Suxestións e condecoracións.

1. Para o seu mellor funcionamento, o Consello poderalle formular á Xunta de Galicia as suxestións que considere pertinentes.

2. Igualmente, como condecoración destinada a recoñecer-lo labor profesional de xuristas en beneficio da Administración Pública Galega, poderá outorga-la medalla de ouro do Consello Consultivo de Galicia. O antedito premio non poderá recaer en quen teña a condición de membro do mencionado alto órgano consultivo.

Artigo 44.- Outras actividades.

O Consello, para o mellor cumprimento da súa función, poderá organiza-las actividades que considere convenientes.

Coa mesma finalidade poderá subscribir convenios con toda clase de persoas ou entidades públicas ou privadas.

Artigo 45.- Acceso ós dictames.

O acceso ós dictames do Consello Consultivo, antes da súa publicación, corresponderalles unicamente ós directamente interesados en cada un dos asuntos.

Capítulo II

Procedemento

Artigo 46.- Solicitude.

1. Os dictames preceptivos a que se refire o artigo 11 da súa lei e os establecidos na lexislación específica, en asuntos competencia da Xunta de Galicia, serán solicitados, por instancias do órgano interesado, polo presidente da Xunta de Galicia.

Cando o dictame preceptivo sexa solicitado polas entidades locais, a petición será efectuado polo presidente destas.

2. Só poderán solicitar dictame facultativo ou consulta ó Consello Consultivo, en asuntos de especial transcendencia, o presidente da Xunta de Galicia, o Consello, os conselleiros e os presidentes dos organismos e entes públicos autonómicos.

Artigo 47.- Apertura de expedientes e valoración da competencia do Consello.

1. As solicitudes de dictames preceptivos, facultativos ou de consultas determinarán a apertura dun expediente, ó que se incorporarán sucesivamente todos cantos documentos posteriores teñan relación con el.

2. Aberto o expediente, e como trámite previo, no caso de observarse a falta manifesta de competencia do Consello, por parte do presidente decidírase a devolución do expediente e o arquivo do actuado ante o Consello, sen máis trámite.

Noutro caso, a cuestión sobre a falta de competencia requirirá dictame do órgano competente do Consello. Para estes efectos, o secretario xeral daralle conta ó presidente sobre se o asunto é competencia do Pleno ou das seccións do Consello, así como, en ámbolos dous casos, sobre o conselleiro a quen lle corresponde a quenda de relatorio.

Artigo 48.- Forma de presentación dos expedientes.

1. Con cada solicitude deberá vir achegada tanta documentación sexa necesaria para dictaminar sobre a cuestión ou cuestións suscitadas e precisa-los extremos a que se refiren. Conterán igualmente un índice numerado de documentos.

2. No caso de dictames preceptivos, a solicitude, xunto co expediente completo, deberá incorporar proxecto ou proposta de resolución do órgano consultante.

3. Se o relator estimase a falta da documentación necesaria por insuficiente ou incorrecta instrucción do procedemento, ou a falta do proxecto ou proposta de resolución do órgano consultante, e no mesmo sentido se pronunciase o Consello, o expediente será devolto ó organismo de procedencia para a emenda dos defectos observados, arquivándose o actuado.

Artigo 49.- Asignación de relatorios e a acumulación de expedientes.

1. Unha vez iniciado o expediente e establecida a competencia do Consello para dictaminar, o presidente procederá á designación do relator ó que lle asignará a elaboración do proxecto de dictame correspondente, coa indicación do prazo concedido e data da sesión na que haberá de procederse á súa deliberación e votación, dándolle traslado de copia da documentación presentada; comunicaráselles, ó mesmo tempo ó resto dos compoñentes do órgano, a asignación de relatorio, con referencia ó asunto de que se trata e a data da presentación do relatorio e a da realización da sesión.

2. A elaboración dos relatorios asignarase por orde de entrada a cada un dos conselleiros, por unha quenda sucesiva; sen prexuízo das facultades que ó presidente do Consello lle atribúe o artigo 22. 1º, i) deste regulamento.

3. Cando se apreciase identidade nos suxeitos interesados e obxecto, no dictame ou da consulta, o órgano competente poderá acorda-la acumulación dos expedientes.

Artigo 50.- Complementación dos expedientes.

1. Se o relator considerase incompleta ou defectuosa a documentación recibida, ou se precisase documentación complementaria, porao en coñecemento do presidente, para os efectos de que por este, tralo acordo previo do Pleno ou da Sección, se solicite do órgano ou institución consultante que se complete a documentación con cantos antecedentes, informes ou probas se estimen necesarios, mesmo co criterio dos organismos ou persoas que tivesen competencia nas cuestións co asunto obxecto de dictame.

2. A dita documentación deberá ser remitida no prazo que se conceda, transcorrido o cal sen efectuarse, o Consello emitirá o dictame que estime pertinente en función da documentación que figure no expediente.

Artigo 51.- Audiencias e informes.

1. Admitida a trámite a solicitude, antes de somete-lo relator o proxecto de dictame á aprobación do Pleno ou da sección, poderá propoñer ó órgano competente que, de oficio, acorde que sexan oídos ante el os directamente interesados nos asuntos motivo de dictame ou consulta. Igual acordo poderá toma-lo órgano a petición destes.

2. Así mesmo, poderá propoñer que, a través do órgano consultante, ou directamente, se solicite informe oral ou escrito daqueles organismos ou persoas que tivesen notoria competencia técnica nas cuestións formuladas en relación coas materias obxecto de consulta.

Artigo 52.- Prazos de emisión de dictames.

1. O Consello Consultivo deberá emiti-los seus dictames, con carácter xeral, no prazo dun mes a partir da recepción da solicitude. Transcorrido este prazo, e só nese caso, entenderase que non existe ningunha obxección á cuestión suscitada.

2. O prazo será de quince días cando na orde de remisión do expediente, o organismo ou institución consultante, fíxese constar motivadamente a urxencia do dictame, que será apreciada polo presidente do Consello, oídos os conselleiros, no prazo de tres días. De non resultaren acreditadas as circunstancias que xustifiquen a urxencia invocada, o prazo será o mencionado no parágrafo anterior e así se lle comunicará a quen formulase a consulta ou solicitase o dictame.

3. O presidente da Xunta de Galicia, atendida a materia e urxencia do asunto, poderá requiri-la emisión de dictame nun prazo non inferior a dez días.

4. O termo dos prazos entenderase referido á data de rexistro de saída do acordo ou dictame.

5. Para a eficacia da produción do silencio, deberá incorporarse ó expediente certificación do secretario xeral referida á data de entrada da solicitude de dictame e do transcurso do prazo para emitilo.

Artigo 53.- Interrupción.

Os prazos mencionados nos puntos 1 e 2 do artigo anterior interromperanse cando o Consello demande que se complete a documentación aludida no artigo 50º, ou

acorde a audiencia ou solicite os informes a que se refire o artigo 51º. Nestes casos, o cómputo dos prazos reiniciarase, cando sexa atendida a solicitude, producida a audiencia ou tramitado o informe, segundo corresponda, a partir da súa entrada no rexistro xeral do Consello.

Artigo 54.- Ampliación.

Así mesmo, salvo disposición legal en contrario, o órgano competente, mediante resolución motivada e notificada ó organismo ou institución consultante, poderá acordar a ampliación dos prazos por un período que non excederá da metade do inicialmente establecido. Excepcionalmente, cando o número de solicitudes formuladas impidan razoablemente o cumprimento do prazo, o órgano competente para dictaminar poderá amplialo por un tempo igual ó orixinario.

Artigo 55.- Cómputo dos prazos por meses.

O prazo a que se refire o artigo 52º computarase de data a data. Se no mes do vencemento non houberse día equivalente a aquel en que comeza o cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes. Cando o último día do prazo resulte inhábil, entenderase prorrogado ó primeiro día hábil seguinte.

Artigo 56.- Cómputo dos prazos por días.

Os prazos expresados en días entenderanse sempre referidos a días hábiles. Contaranse a partir do día seguinte a aquel en que tivese lugar a recepción da solicitude de dictame ou consulta, ou desde o termo do prazo ordinario se se acordase a ampliación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderanse prorrogados ó primeiro día hábil seguinte.

Artigo 57.- Forma dos dictames.

Os dictames conterán un encabezamento no que se consignará o lugar e a data da súa emisión, se é o Pleno ou unha das súas seccións quen os emite, os conselleiros intervinientes con expresión en primeiro termo do que fose presidente, o secretario xeral ou letrado que realice tal función e en apartados separados consignarán os antecedentes de feito nos que expresamente se referirá o órgano ou institución que deu orixe coa súa actuación ó dictame, as consideracións xurídicas e a conclusión con indicación de se se adoptou por maioría ou por unanimidade.

Artigo 58.- Certificacións e arquivo dos dictames.

1. O secretario xeral estenderá certificación do dictame ou resolución emitida, en unión do voto ou votos particulares, se os houberse, para súa ulterior remisión ó órgano ou institución consultantes. O expediente administrativo remitido será devolto ó órgano consultante, xunto coa antedita certificación.

2. Outra certificación unirase á acta da sesión en que aquel se deliberase e votase para a súa incorporación ó arquivo do Consello.
3. O orixinal do dictame incorporarase ó libro de dictames correspondente.

Artigo 59.- Ampliación, aclaración e rectificación dos dictames.

1. Dentro do prazo dos cinco días seguintes á recepción do dictame, o órgano ou institución que produciuse a consulta ou solicitase aquel, poderá pedir ampliación do seu contido, con suxeición ó disposto nos artigos precedentes.

2. Así mesmo poderá solicitar, no mesmo prazo, aclaración dos elementos concretos do dictame contidos nas consideracións xurídicas ou das dúbidas que, razoablemente, poida suscitarlle a conclusión adoptada. Tal aclaración será resolta polo Consello no prazo de dez días, salvo que a complexidade do asunto obrigue a prorrogalo ó máximo dun mes.

3. O Consello Consultivo poderá rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros de feito, materiais ou aritméticos dos seus dictames ou actos.

Artigo 60.- Comunicación do acto ou disposición.

O órgano ou institución consultante, no prazo de quince días, comunicarlle ó secretario xeral do Consello Consultivo a adopción ou publicación da resolución ou disposición xeral consultada, co fin de que se practique a anotación pertinente no rexistro que se levará de acordo co disposto no artigo 33º.1, i) deste regulamento.

Artigo 61.- Publicación dos dictames.

O Consello poderá publicar, unha vez remitidos ó organismo ou institución consultante, os dictames emitidos, ou un extracto deles, con omisión dos datos concretos sobre a procedencia e identificación das consultas. Os dictames referidos a disposicións de carácter xeral, publicaranse transcorridos tres meses desde a antedita remisión.

TÍTULO V

Persoal do Consello

Capítulo I

Letrados

Artigo 62.- Corpo de letrados.

O Consello Consultivo de Galicia estará asistido polos letrados pertencentes ó corpo creado pola súa lei no artigo 21.

Artigo 63.- Selección e situacións administrativas.

1. A súa selección efectuarase conforme os grupos e na forma disposta no artigo 22 da lei, e determinará o ingreso no corpo de letrados do Consello Consultivo de Galicia e a orde na escala respectiva.

2. Polo grupo de oposición libre poderán acceder licenciados en dereito, conforme as bases e programa que aprobe o Consello no acordo de convocatoria.

Artigo 64.- Incompatibilidades.

1. Os letrados terán as incompatibilidades establecidas con carácter xeral para os funcionarios das administracións públicas, sen que poidan exercer función ou misión ningunha diferente á que lles é propia.

2. Exceptúase de tal réxime a docencia e a investigación que se consideren compatibles con aquela. Tales actividades, cando sexan continuadas, deberán ser autorizadas polo presidente do Consello nos termos do artigo 21.4º da lei.

Artigo 65.- Funcións.

Ós letrados corresponde:

1. Estudiar e prepara-los asuntos para o seu despacho, baixo a dirección do conselleiro relator.

2. Desenvolve-las funcións da secretaría da Sección, cando así lles corresponda, tendo neste caso as obrigas que, para o secretario xeral, se establecen no artigo 33 deste regulamento, salvo os puntos b), c), e), f), g), h), e l).

3. Informar en Sección sobre os asuntos confiados ó seu estudio, dar lectura ó relatorio redactado e usar da palabra, coa venia do conselleiro-presidente, cantas veces o estime oportuno ou sexa requirido para esto.

4. Asistir ás sesións do Pleno cando se trate de asuntos encomendados ó seu estudio e usa-la palabra nel, a petición de calquera conselleiro, logo da venia do presidente.

5. Igualmente desempeñarán as funcións que lles asigna este regulamento e as de asistencia técnica e apoio técnico-xurídico que, no marco da organización xeral do Consello, lles sexan encomendadas polo presidente, o secretario xeral e os conselleiros.

Artigo 66.- Réxime estatutario.

O seu réxime estatutario será o establecido para os funcionarios na lexislación da función pública da Comunidade Autónoma.

Artigo 67.- Abstención e recusación.

1. Os letrados deberán absterse de intervir nun asunto cando, con relación a el, concorran neles os motivos consignados no artigo 30º deste regulamento.

2. Nos casos dispostos no apartado anterior, poderán ser recusados en calquera momento do procedemento.

3. No día seguinte ó coñecemento da causa de abstención ou da formulación da recusación, o letrado comunicaralle ó presidente do Consello o que considere sobre a concorrencia da causa, resolvendo este o procedente, no prazo de tres días.

Capítulo II

Outro persoal do Consello

Artigo 68.- Persoal administrativo.

O Consello Consultivo disporá, ademais dos seus letrados, doutro persoal da condición, categoría ou número que considere adecuados para o seu normal funcionamento, sobre a base da relación de postos de traballo que propoña para a súa aprobación pola Xunta de Galicia.

Artigo 69.- Selección.

A provisión efectuarase de acordo coas normas xerais da función pública da Comunidade Autónoma. As ditas normas serán igualmente aplicables ó seu réxime de incompatibilidades e estatutario.

Artigo 70.- Persoal laboral.

Malia o disposto no artigo anterior, o persoal de carácter laboral rexerese pola normativa que lle é propia.

TÍTULO VI

Orzamento

Artigo 71.- Elaboración.

O Consello Consultivo de Galicia elaborará o seu anteproxecto de orzamento que se incorporará como sección propia ó da Comunidade Autónoma.

Artigo 72.- Execución.

1. O réxime económico do Consello Consultivo rexerá pola Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, as respectivas leis de orzamentos, a lexislación de contratación das administracións públicas e a súa normativa de desenvolvemento.

2. Correspóndenlle á presidencia do Consello as competencias que as citadas normas lles atribúen ós titulares das distintas seccións orzamentarias.

3. A función interventora dos gastos do Consello será exercida conforme a normativa aplicable ó réxime financeiro e orzamentario da Xunta de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.- Recursos.

As resolucións do Consello Consultivo de Galicia que dicten distintos órganos con competencia para iso esgotan a vía administrativa.

Segunda.- Procedementos disciplinarios.

Os procedementos para o exercicio da potestade disciplinaria respecto do persoal ó servizo do Consello Consultivo rexerá pola normativa específica aplicable ó da Xunta de Galicia.

Terceira.- Lei reguladora do Consello.

Sempre que neste regulamento se faga referencia á lei, agás que do contexto se infira outra cousa, entenderase a Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.- Regulamento de réxime interior.

O Pleno do Consello Consultivo poderá aproba-lo seu propio regulamento de réxime interior.

Segunda.- Facultades do presidente no desenvolvemento e aplicación do presente regulamento.

Autorízase ó presidente do Consello Consultivo para dicta-las resolucións precisas para o desenvolvemento e aplicación deste regulamento.